

MESA SECTOR R



MESA SECTORIAL DO DÍA 10 DE ABRIL DE 2018 (CONTINUACIÓN DA DO DÍA 20 DE MARZO)

1º Punto Da Orde Do Día: Proxecto De Orde Pola Que Se Regula O Procedemento Para O Reintegro Individual De Gastos Por Asistencia A Actividades De Formación Para O Profesorado Ano 2018.

Comezamos valorando positivamente o incremento orzamentario recollido este ano así como a posibilidade de ampliar o mesmo no caso de que sexa necesario. Tamén valoramos de maneira positiva o incremento de prazas tanto en Galicia como fóra da Comunidade.

No tocante aos destinatarios da Orde, desde **ANPE GALICIA** solicitamos que se inclúan tamén aos funcionarios de prácticas, unha vez rematados os catro meses correspondentes á fase de prácticas. **A Administración resposta que estudará esta proposta.**

No artigo 3.2 desde **ANPE GALICIA** demandamos que se soban as contías en función do país ao que se acode e das funcións a realizar, sobre todo no tocante ao ámbito europeo e extraeuropeo. **A Administración resposta que considera que son correctos e axustados ás circunstancias de cada situación.**

No artigo 6 **ANPE** demanda presenza sindical na comisión de valoración.

No artigo 7 **ANPE** demanda que se reduza o prazo establecido de resolución por silencio, xa que entendemos que 6 meses é un período moi amplo, máxime tendo en conta que o profesorado non pode ter outras axudas tal e como aparece recollido no artigo 2.1.

ANPE GALICIA solicita información sobre como solucionou a Administración o tema dos requerimentos da Axencia Tributaria sobre o aboamento de reintegro de gastos por asistencia a actividades de formación. **A Administración insiste en que é unha interpretación da Axencia Tributaria e non poden facer nada.**

ANPE GALICIA solicita unha aclaración sobre si se vai a permitir a presentación de solicitudes por vía non telemática xa que no texto da Orde se indica a vía telemática como medio **preferente** (non obrigatorio).

2º Punto Da Orde Do Día: Proxecto De Orde Pola Que Se Convocan Prazas Destinadas Ao Profesorado Para A Realización De Itinerarios Formativos Para A Mellora Da Súa Competencia Lingüística E Comunicativa, Relativos Ao Programa Integral De Aprendizaxe De Linguas Estranxeiras (Piale) Para O Ano 2018.

Facer a priori unha valoración positiva sobre o aumento de 120 prazas e de partida orzamentaria. Feita esta valoración inicial indicar que desde **ANPE GALICIA** botamos en falta o italiano no proxecto da Orde. **A Administración resposta que a incidencia do italiano no sistema educativo galego é mínima.**

No artigo 2 **ANPE GALICIA** solicita que a fase A da modalidade 1 pase a ter unha duración de 100 horas. A fase C debe ter unha duración de 75 horas. Na modalidade 2 solicitamos que a duración dos cursos pase a 100 horas.

Se no concurso de traslados se van a seguir ofertando prazas bilingües, **ANPE GALICIA** considera que a Administración Educativa debe ofertar a posibilidade de acadar a competencia lingüística ao maior número de profesores posible.

Debe incluírse nos destinatarios da Orde ao profesorado interino establecendo, nese caso algún tipo de prelación para os funcionarios de carreira. **A Administración resposta que polo momento non incluírá ao profesorado interino.**

Botamos tamén en falta, segundo nos demandan desde as EOI uns itinerarios específicos para este profesorado. Nas accións 2.1, 2.3, 2.4 e 2.6 falta engadir ao profesorado das EOI. **A Administración resposta que poden solicitálas tamén.** **ANPE** solicita entón que se explicita no texto da Orde. **A Administración o recollerá de forma explícita tras a petición realizada por ANPE.**

No artigo 10, en relación á composición da comisión de selección, desde **ANPE GALICIA** consideramos que a súa composición debería ser máis técnica e conformada por especialistas. **A Administración resposta que a composición poderán non ser do gusto das organizacións sindicais pero é técnica.**

En relación ao artigo 12 desde **ANPE GALICIA** solicitamos que a publicidade das quendas nas que os solicitantes resulten admitidos sexa proporcionada aos interesados/as o antes posible para que os mesmos poidan adaptarse a elas da mellor maneira posible.

En relación ao baremo facemos as seguintes propostas:

- No apartado 2.4 pasar a 2 puntos.
- No apartado 2.5 pasar a 1 punto.
- No caso de que se acepten as modificacións nos dous apartados anteriores estamos de acordo en deixar o apartado 2.6 nos 10 puntos. No caso de non ser aceptadas as modificacións propostas solicitamos que se incremente a puntuación no apartado 2.6. **A Administración resposta que o baremo está axustado e iso permitiu que non quedase sen disfrutala ningunha persoa que solicitará a licenza por formación por primeira vez.**

Para finalizar, desde **ANPE GALICIA** solicitamos que a Administración Educativa indique que entidades van a ser as encargadas de realizar as probas de nivel.

3º Punto Da Orde Do Día: Resolución Pola Que Se Convocan Licenzas Por Formación Para O Curso 2018/2019 Destinadas Ao Funcionariado Docente Non Universitario E Se Aproban As Bases De Concesión.

En primeiro lugar, como proposta xeral, desde **ANPE GALICIA** consideramos que é o momento de recuperar as antigas licenzas por estudos que tanto está a demandar o profesorado (licenzas para rematar un grao, para unha diplomatura, doutorado, etc) e engadir en todo caso as licenzas sen retribución. **A Administración resposta que as licenzas sen retribución non se poden engadir por problemas coa intervención derivadas da cobertura da cotización da persoa que a goce.**

No artigo 1º non aparece recollido o profesorado en prácticas cando si aparece no 3. Tendo en conta a petición feita por CCOO de incluír a posibilidade de que os concelleiros con comisión de servizo poidan solicitar licenza por formación, **ANPE GALICIA** considera que nese caso deben incluírse TODAS AS COMISIÓNS (é dicir, permitilo tamén para as comisións de saúde e as concilia). **A Administración non vai a incluír entre os destinatarios ninguén que estea a gozar de Comisión de Servizos.**

Debe mellorarse a redacción das distintas modalidades que aparecen recollidas no artigo 2 por incoherencias entre apartados.

Na modalidade **5**, no referente á posterior titoría dos cursos solicitamos ou ben que se nomee un substituto ou ben que cobre por dita titoría.

ANPE GALICIA considera que un mes de período mínimo de licenza é insuficiente e demandamos que a licenza de duración mínima sexa de polo menos 3 meses. **A Administración considera que un mes é un tempo axeitado e que ten moita demanda.**

En relación ao artigo sexto, **ANPE** demanda a comisión de selección estea formada por profesores/as das distintas especialidades escollidos por sorteo público. **ANPE GALICIA demanda que se nos chame ás organizacións sindicais para as comisións xa que a Administración non o está a facer**

Demandamos a cobertura inmediata e de xeito áxil das substitucións do persoal que vaia a gozar dunha licenza por formación.

4º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

- **ANPE GALICIA** demanda a convocatoria da próxima Mesa Sectorial con carácter urgente, inmediato e **MONOGRÁFICA** para iniciar as negociacións para a equiparación retributiva do profesorado galego.
- **ANPE GALICIA** demanda tamén a apertura de negociacións na nosa Comunidade Autónoma para a eliminación dos **descontos nas retribucións por situación de Incapacidade Temporal.**

- **ANPE GALICIA** demanda a solución inmediata do **recoñecemento como servizos prestados os períodos de vacacións aboadas e non gozadas**.
- Felicitamos á Administración pola súa aposta pola **Conciliación Familiar** e por ter satisfeitas varias demandas de **ANPE** neste sentido.
- **ANPE GALICIA** demanda novamente o **aboamento dos meses de verán** para o profesorado interino que acredite ter traballado un mínimo de 5 meses e medio durante o curso académico.
- **ANPE GALICIA** denuncia a supresión de determinadas titulacións na Orde de convocatoria de oposicións para poder formar parte das listaxes de substitucións. Se a Administración está a intentar solventar esta situación, **ANPE** solicita que se axilice para poder permitir que os interesados poidan presentarse en prazo.
- **ANPE GALICIA** demanda que este ano poida haber un debate e unha negociación seria sobre o **calendario escolar**.
- **ANPE GALICIA** manifesta a súa gran preocupación polo que denominamos "**aprobados de alumnado nos despachos**". Denunciamos que non se respecten as vías de reclamación e se opte por acudir directamente á inspección que desautoriza constantemente ao profesorado aprobando ao alumno. O aumento deste tipo de situacións en Galicia é alarmante. **ANPE** considera que a Administración debe tomar medidas de xeito inmediato.
- **ANPE GALICIA** demanda o establecemento dun protocolo claro de actuación ante **incidencias metereolóxicas**. Non é de recibo que se estea a expensas do que teña que decidir un equipo directivo. A Administración educativa non pode delegar as súas funcións e cargar á responsabilidade aos equipos directivos.
- En relación ao Concurso de Traslados **ANPE** manifesta a súa preocupación polo feito de que se **publicasen as vacantes definitivas con posterioridade á resolución definitiva** o que pode dar lugar a impugnacións.
- **ANPE GALICIA** demanda unha solución á **cobertura de substitucións en secundaria e en EOI** utilizando a mesma listaxe cando teñen puntuación distinta nos procesos selectivos.
- **ANPE GALICIA** solicita que, unha vez que se introduciu unha novidade non negociada na Mesa Sectorial, na orde de convocatoria de **oposicións e que permite dúas opcións a elixir de proba práctica en secundaria e F.P.**, que dita posibilidade se estenda tamén ao corpo de mestres.
- **ANPE GALICIA** solicita a percepción do **complemento retributivo para todas as coordinacións** sen excepcións.
- **ANPE GALICIA** solicita a dotación de **persoal de administración para todos os centros educativos**.

Sen máis temas que tratar péchase a sesión sendo as 13:00 horas

